

ÁREA DE
SERVIZOS XERAIS

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 3097 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Fomento

INFORME:

ASUNTO: Adxudicación e autorización de gasto a favor de **DESMACO, S.L.** (B-32.197.105) para a realización da obra de **"Mellora da rede de saneamento da rúa Martínez Garrido, humanización fase 3"**.

Antecedentes

1.- O 14 de abril de 2015, o Concelleiro-delegado da Área de Fomento resolveu orde de servizo para a tramitación dun expediente de gasto menor para a contratación da obra de **mellora da rede de saneamento da rúa Martínez Garrido, humanización fase 3**. Na mesma resolución acordou aprobar a memoria valorada redactada, en virtude do correspondente contrato menor de servizos, polos enxeñeiros da empresa Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais, D. Santiago N. López Fontán e Dña. Begonia Arranz González, de febreiro de 2015. Na memoria se describe o obxecto do contrato, cun orzamento base de licitación de 29.297,23 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 1 mes.

Consta no expediente informe sobre a conveniencia e idoneidade da execución da obra de data 24 de febreiro de 2015, acta de replanteo pertinente asinada polo enxeñeiro técnico municipal, D. Jorge Muñoz Rama, con data 24 de febreiro de 2015, informe do Xefe da Área de Fomento sobre o desenvolvemento da obra de data 12 de marzo de 2015, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender o gasto mediante documento contable RC de data 23 de abril de 2015 e informe de data 28 de abril de 2015 xustificativo da dispensa de constitución de garantía.

2.- O 28 de abril de 2015 se publica no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o anuncio para a contratación de ditas obras a través do réxime de contrato menor, no que se sinala como data límite para a presentación das ofertas o 4 de maio de 2015.

3.- Na sesión pública do 7 de maio de 2015, a Comisión de Valoración das ofertas procede a apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable e a oferta económica presentados polos licitadores, resultando que a mellor oferta das admitidas, en atención ao criterio fixado no anuncio, foi a presentada pola mercantil DESMACO, S.L., por un importe de 23.320,58 euros (IVE incluído). Da sesión levantouse acta, que foi publicada no Perfil do Contratante da páxina Web municipal o 11 de maio de 2015.

O 13 de maio de 2015 se require por correo electrónico a dito licitador para que presente no prazo de cinco días hábiles como máximo, contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións para contratar coa Administración sinalada no punto 15 do anuncio (consta a recepción do correo polo licitador o 13/05/2015); documentación que presenta en data 18 de maio de 2015 (doc. nº 150062582) -dentro do prazo sinalado-.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O presente contrato ten a consideración de Contrato menor de obras definido nos arts. 6, 23.3, 89.2, 111, 138.3 e 156.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF).

Tamén é de aplicación as Instrucións do Concelleiro delegado da Área de Fomento, Transportes e Contratación de 20 de febreiro de 2015, sobre tramitación de contratos de obra en réxime de contrato menor.

Segundo.- Resultou que a oferta economicamente mais vantaxosa para a Administración contratante, de conformidade co criterio fixado no anuncio que rexeu a licitación, é a formulada por DESMACO, S.L.

Terceiro.- Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a tramitación e resolución dos expedientes de contratos menores correspóndelle ao Concelleiro delegado (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014, sobre delegación de atribucións, e Base 31ª das de Execución do Orzamento).

Á vista do exposto faise a seguinte

Documento asinado



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 3097/440

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 02/06/2015 09:18 Páxina 1 de 2

Código de verificación: 24EE3-AC24D-AC8D3-5DCBB

PROPOSTA

1. Adxudicar o contrato menor relativo as "obras de mellora da rede de saneamento da rúa Martínez Garrido, humanización fase 3" á mercantil DESMACO, S.L., por un importe total de 23.320,58 euros, IVE incluído, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estrita suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 14 de abril de 2015 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de UN MES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo importe de **23.320,58 euros** (Base imponible 19.273,21 €, tipo IVE 21%, importe IVE 4.047,37 €) para a realización das obras de mellora da rede de saneamento da rúa Martínez Garrido, humanización fase 3, a prol da empresa **DESMACO, S.L. (B-32.197.105)**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1532	6190032		23.320,58	HUMANIZACI. MARTÍNEZ GARRIDO, FASE III

3. Nomear como responsable do contrato ao técnico municipal, D. Álvaro Crespo Casal e como director facultativo da obra ao Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Jorge Muñoz Rama.
4. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
6. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.

Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
7. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Xefe da Área de Fomento

Álvaro Crespo Casal

Conforme,

A Concelleira Delegada de Economía e Facenda

Mª Carmen Silva Rego



EXPEDIENTE: 3097 / 440

TIPO EXPTE: CONTRATO MENOR DE OBRAS

SOLICITANTE: Fomento

DECRETO

De acordo co sinalado na Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este Concello ostenta competencias propias en materia de "infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" (artigo 25.2.d/).

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014) e de conformidade coa proposta do xefe da Área de Fomento do 20 de maio de 2015, conformada pola Concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, **RESOLVO:**

1. Adxudicar o contrato menor relativo as "obras de mellora da rede de saneamento da rúa Martínez Garrido, humanización fase 3" á mercantil DESMACO, S.L., por un importe total de 23.320,58 euros, IVE incluído, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa das proposicións admitidas.

As obras se executarán con estricta suxeición á memoria valorada aprobada por resolución do Concelleiro-delegado da Área de Fomento de data 14 de abril de 2015 e a oferta presentada, sendo o prazo máximo de execución de UN MES a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

2. Autoriza-lo gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe de **23.320,58 euros** (Base imponible 19.273,21 €, tipo IVE 21%, importe IVE 4.047,37 €) para a realización das obras de mellora da rede de saneamento da rúa Martínez Garrido, humanización fase 3, a prol da empresa **DESMACO, S.L. (B-32.197.105)**, con cargo á/s partida/s:

Func.	Económ.	Proxecto	Importe	Descrición
1532	6190032		23.320,58	HUMANIZACL. MARTÍNEZ GARRIDO, FASE III

3. Nomear como responsable do contrato ao técnico municipal, D. Álvaro Crespo Casal e como director facultativo da obra ao Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Jorge Muñoz Rama.
4. En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato (art. 86.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), entendéndose que os expedientes deben de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.
5. Publicar a presente resolución no Perfil do Contratante da páxina web municipal e dar traslado aos licitadores.
6. Contra esta resolución os licitadores poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta Concellería no prazo de un mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos a partir do día seguinte ao da recepción da súa notificación.
Non obstante, tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito.
7. Conceder aos licitadores que non resultaron adxudicatarios o prazo de un mes dende que a presente resolución adquira firmeza para recoller a documentación aportada ao procedemento. Transcorrido este prazo sen que ditos licitadores retiren a documentación aportada, se entenderá que renuncian a ela, e que o Concello queda en liberdade de destruíla, sen necesidade de previo aviso ou comunicación algunha.

AC/nm

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo
Expediente 3097/440

Data impresión: 02/06/2015 09:18 Páxina 1 de 1
Código de verificación: 24EC3-BCB4B-AB8C4-DA4B3

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>